

O COMPOST, A COMPOSTAXE E OS SOLOS

Contidos:

O COMPOST

A MATERIA ORGÁNICA

O COMPOSTEIRO

A COMPOSTAXE

BENEFICIOS DO COMPOST

GUÍA DA COMPOSTAXE DOMÉSTICA

O COMPOST



A palabra compost ven do latín e significaba orixinariamente “poñer xuntos” ou “xuntar”. Por tanto, a compostaxe prodúcese ao acumular diferentes restos orgánicos e ao xerarse nestes un proceso de fermentación.

Como produto dunha compostaxe ben realizada, o compost é un material estábel, hixiénico e semellante ao humus do bosque. Un compost maduro xa non sofre máis descomposición e non provoca cheiros. A recollida selectiva é garantía dun compost da mellor calidade.

A MATERIA ORGÁNICA



En Galiza, aproximadamente a metade dos residuos que producimos a diario nos fogares son restos de comida, residuos procedentes de limpeza das hortalizas e restos de plantas da casa ou do xardín. É o que se chama materia orgánica do lixo. A reciclaxe destes resíduos é posíbel mediante a súa conversión en compost, un fertilizante moi bo para as terras.

O COMPOSTEIRO




O composteiro é un recipiente onde se bota a materia orgánica para a súa transformación en compost. O composteiro evita a dispersión do lixo. A súa forma axuda a gardar a temperatura e os seus buracos permiten a aireación. Podemos adquirilo construído, ou fabricalo nós mesmos con diversos materiais como madeira ou redes diversas.

A COMPOSTAXE



A compostaxe é o proceso natural que permite descompoñer os restos de materia orgánica e convertelos nun fertilizante de calidade. Imita o proceso que se da natureza, intensificando e acelerando a fermentación dos desperdicios. Diferentes organismos son os que transforman esta materia orgánica en compost, como unha parte esencial do ciclo natural do carbono.

BENEFICIOS DO COMPOST



Fonte: Domínguez, M. A xestión dos residuos biodegradábeis e o cambio climático. ADEGA-Cadernos nº 16.

Como opción para a xestión dos residuos orgánicos do fogar, a compostaxe permítenos desfacernos comodamente desta fracción do lixo, cos mínimos custos económicos e ambientais, e tendo como resultado un abono coñecido e de calidade.

Diversos estudos veñen a indicar que os solos galegos están a perder materia orgánica debido ao uso de fertilizantes químicos. O uso do compost, contribúe a:

- Mellorar a estrutura do solo e a súa resistencia á erosión
- Achegar os elementos nutritivos precisos para o crecemento das plantas. Ao liberarse paseniñamente, o seu aporte é continuado.
- Aumentar a fauna do solo, miñocas sobre todo, que facilitan a aireación.
- Minguar os efectos negativos dos axentes tóxicos, como pesticidas e metais pesados, ao non ter que empregar fertilizantes químicos.
- Conservar as turbeiras, ao substituír turba como emenda.
- Contribuir a solucionar a problemática do cambio climático, xa que o compost actua como sumideiro de carbono no solo.

GUÍA DA COMPOSTAXE DOMÉSTICA



A Asociación para a Defensa ecolóxica de Galiza (ADEGA) ven promovendo desde hai anos a compostaxe doméstica en Galiza, e conta coa experiencia de ter implantado e feito o seguimento e asesoramento de preto dun millar de composteiros noutras tantas vivendas galegas. ADEGA facilitou á UDC a presente guía da Compostaxe, pequeno manual que che axudará a resolver as dúbidas que poidas ter durante a realización da compostaxe. A UDC, a través do Grupo de investigación en Enxeñaría Química Ambiental, participou no desenvolvemento destes programas e na elaboración da presente guía. Para máis información tamén podes dirixirte á ADEGA (adega@adega.info) ou coa Oficina de medio Ambiente da UDC (oma@udc.es).